

PROPOSTA DE ACORDO PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS

En desenvolvemento das competencias recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, considérase necesario modificar a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.

Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica **PROPÓN** que, previo ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanza fiscal do Concello:

PRIMEIRO.- Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros, nos termos que se transcriben a continuación:

“PREÁMBULO

O Pleno do concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros

ARTIGO 5- Cota tributaria

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS

(IVE non engadido)

Grupos	Usuarios	Cuota Sumid. (€/ano)
I	Vivendas (por unidade), comercios menores (ata 2 empregados), oficinas, locais en galerías, locais baleiros, e semellantes.	46,88
II	Consultas (médicos, avogados, etc.), academias, comercios maiores (máis de 2 empregados), perruquerías, talleres de motos e bicicletas, oficinas bancarias, e semellantes.	93,82
III	Tabernas, bares, cafeterías, pubs, clubs nocturnos, restaurantes, hospedaría (ata 20 habitacións), churrasquerías, hamburgueserías, fábricas de pan, pastelerías, carnicerías, pescaderías, e semellantes.	164,14
IV	Talleres de coches e barcos, tintorerías e lavanderías, imprentas, hospederías (de máis de 20 habitacións), adegas (ata 100.000 litros de produción), e semellantes.	234,49

V	Centros médicos, clínicas, piscinas unifamiliares, cines e teatros, laboratorios, discotecas e salas de festa, bingos, adegas (de 100.001 a 500.000 litros de produción), e semellantes.	281,47
VI	Industrias cárnicas, prefabricados de formigón, fábricas de produtos de pedra, estacións de servizo, lavado e engraxe, depuradoras de mariscos, cámpings, piscinas de uso público (non de explotación municipal), adegas industriais (de máis de 500.000 litros de produción), e semellantes.	351,78
VII	Cocedeiros de produtos de mar, fábricas de conservas e empresas semellantes.	2711,93

Taxa de acometida (a percibir polo Concello):	
Usuarios incluídos nos Grupos I e II da Tarifa:	147,34
Usuarios incluídos nos Grupos III e IV da Tarifa:	184,18
Usuarios incluídos nos Grupos V e VI da Tarifa:	221,04

Taxa por análise de vertidos: ph, conductividade, sólidos en suspensión totais, D.B.O.5, D.Q.O, fósforo total, nitróxeno amonacal, sulfuro, aceites e graxas, recollida e envío mostra ó laboratorio:	
-A solicitude do Concello:	
Con resultado negativo (por encima dos límites).....	349,90 €
-A solicitude do suxeito pasivo.....	
	349,90 €

Taxa por inspeccións periódicas e informes:	
-A solicitude do suxeito pasivo.....	217,43 €

Prezo de acometidas de saneamento (a percibir polo concesionario):	
Zanxa en terra	406,78 €
Zanxa en asfalto	474,58 €
Zanxa en acera	528,82 €

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En Cambados, na data que figura na sinatura dixital á marxe.

Documento asinado na Sede Electrónica do Concello de Cambados, Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio.